

MADIALEVA

Madialeva é a palabra do galego preferida de Pedro.

Pedro era un mozo de 17 anos de Muras, dunha familia humilde. Un verán, o seu veciño Lois que traballaba dende facía uns anos en Alemaña veu de vacacións e como daquela había moita pobreza, para que tivera un futuro mellor do que lle esperaba na aldea, propúxolle a Pedro irse con él. Pedro no pensou 2 veces, aceptou enseguida, porque Lois díxolle que o seu xefe precisaba xente na obra.

Os pais do rapaz xuntaron uns cartos para el e o mércores 5 de outubro do 1955 chegou ao aeroporto de Hamburgo onde o esperaba Lois, tal como quedaran.

Lois vivía nun apartamento con 2 compañeiros alemáns, levou para alí a Pedro e durmían no mesmo cuarto, mais para poder firmar un contrato laboral debía empadroarse primeiro e Lois xa lle concertara unha cita para o venres as 09:30 da mañá cun caseiro.

O xoves pola mañá a Lois déronlle aviso uns coñecidos de que o seu pai falecera e saíu para Galicia de súpeto. Pedro quedou só, sen poder falar con ninguén, xa que os compañeiros de piso non entendían nin falaban galego nin español. Foi á dirección que lle deixou Lois para ver se lle alugaban o apartamento e como era de esperar, non se entendeu co dono da vivenda....

Pedro estaba desesperado. Sen Lois non podía facer nada! Pensou que o mellor sería voltar para a casa antes de que se lle esgotasen os cartos.

Dirixiuse ao aeroporto para mercar un billete e cando estaba a piques de pagalo, oíu tras el dicir: “Madialeva”, entón foi cara aos 2 homes que estaban a conversar e que, como deducira, eran galegos, pidiúlles axuda e grazas a eles arranxou todo o pendente. Cando a finais de mes voltou Lois, Pedro xa estaba traballando.

A Pedro foille moi ben en Alemaña: mudou para un traballo mellor onde estivo moi contento e ben pagado, casou alí con unha rapaza galega, tivo 2 fillos e cando se retirou, voltou para a sua vila.

Cando conta a historia da súa vida sempre di que lle foi moi ben, mais que se non fora por oír aquela palabra, todo sería ben distinto.

Un exemplo do valor da nosa lingua, madialeva!